

23 Enero de 2012 - Revista 852

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



NOVAS E ANUNCIOS / 2

FORMACION / 4

BOLSAS E AXUDAS / 4

PREMIOS E CONCURSOS / 8

EMPREGO / 9

NOVAS E ANUNCIOS NOVAS E ACTIVIDADES

Probas para a obtención dos Celga 1, 2, 3 e 4



Martes, 17 Xaneiro 2012 07:56

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca probas para a obtención dos certificados acreditativos dos niveis de lingua galega Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2012.

Destinatarios: persoas maiores de 16 anos ou que os cumpran antes de finais do ano 2012, nacionais ou estranxeiras.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 3 de abril de 2012.

• Datas de realización das probas:

- Celga 4: 2 de xuño de 2012.
- Celga 2: 3 de xuño de 2012.
- Celga 3: 9 de xuño de 2012.
- Celga 1: 10 de xuño de 2012.

As solicitudes están dispoñibles en: <https://sede.xunta.es>.

Máis información en: www.xunta.es/linguagalega e no DOG do 17 de xaneiro de 2012.

Xuventude trasládase á comarca da Limia a animar á mocidade á participación



Martes, 17 Xaneiro 2012 15:03

- Estes encontros pretenden achegar a tódolos mozos e mozas emprendedores no mundo asociativo xuvenil o programa Iniciativa Xove.
- Iniciativa Xove é o programa da Dirección Xeral de Xuventude que permite os mozos e mozas galegos realizar os seus proxectos tanto dentro dunha asociación xuvenil coma dun grupo informal.

No día de onte tivo lugar un novo encontro enmarcado no programa Participa, dependente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado na Casa da Cultura do municipio ourensá de Xinzo de Limia.

Esta iniciativa nace co obxectivo de achegar a todos os mozos emprendedores no mundo asociativo xuvenil o programa Iniciativa Xove e animalos a participar nos diferentes programas que a Xunta de Galicia ten a disposición da mocidade galega.

Nesta cita participaron máis de vinte rapaces e rapazas da comarca do mundo asociativo xuvenil co fin de informarse das novidades deste ano 2012 dentro do programa e para por en común as inquiredanzas e propostas á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Os asistentes foron tamén convidados a participar nos futuros obradoiros de elaboración de proxectos co obxectivo de trasladarlles os puntos e as claves básicas de cara á formalización de iniciativas de calidade; ditos obradoiros terán un carácter provincial.

Informe Semanal do 16 de Xaneiro de 2012



Mércores, 18 Xaneiro 2012 08:21

Revisa as novidades desta semana

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior



Xoves, 19 Xaneiro 2012 10:33

A Consellería de Cultura e Educación convoca probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o ano 2012.

Formación Profesional • CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO: prazo comprendido entre os días 27 de febreiro e o 9 de marzo de 2012.

A solicitude de inscrición para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio presentarase por duplicado na secretaría de calquera instituto de educación secundaria onde se impartan ciclos formativos de formación profesional ou centros integrados de formación profesional.

As probas de acceso aos ciclos de grao medio terán lugar o día 25 de maio de 2012 no horario que se indica a seguir:

- Ás 9.00 horas: presentación.
- Das 10.00 ás 11.00 horas: parte matemática.
- Das 11.30 ás 13.30 horas: parte sociolingüística.
- Das 16.00 ás 18.00 horas: parte científico-técnica.

Os resultados das cualificacións provisórias das probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio publicaranse o día 7 de xuño.

- Requisitos: poderán inscribirse nās probas de acceso quen non cumpra os requisitos académicos esixidos para acceder a ciclos formativos de grao medio e teña cumpridos 17 anos ou os cumpra no ano natural de celebración da proba.

• **CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR:** prazo comprendido entre os días 23 de xaneiro e o 3 de febreiro de 2012. A solicitude de inscrición para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior presentárase por duplicado na secretaría de calquera instituto de educación secundaria onde se impartan ensinanzas de ciclos formativos de formación profesional ou centros integrados de formación profesional (agás no CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro).

As probas de acceso aos ciclos de grao superior terán lugar o día 30 de marzo de 2012 no horario que se indica a seguir:
- Ás 9.00 horas: presentación.

Parte común da proba:
- Das 10.15 ás 13.45 horas: matemáticas, lingua galega e lingua castelá.

Parte específica da proba:
- Das 16.00 ás 18.30 horas: materias específicas da opción vinculada ao ciclo formativo ao cal se desexe acceder, segundo o anexo I desta resolución.

Os resultados das cualificacións provisorias das probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior publicaranse o día 25 de abril.
• **Requisitos:** será condición imprescindible para concorrer á proba ter cumpridos 19 anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba.
Así mesmo, tamén poderá presentarse quen teña cumpridos 18 anos no ano natural de celebración da proba e dispoña dun título de técnico relacionado coa familia profesional incluída na opción á que opta.

Máis información en: www.edu.xunta.es/fp e no DOG do 19 de xaneiro de 2012

Gañadora de 2 entradas para o concerto de Lenny Kravitz en A Coruña co Carné Xove



Venres, 20 Xaneiro 2012 13:30

A gañadora no sorteo realizado este venres, 20 de xaneiro, dentro do programa do Carné Xove, e no que o premio consistía nun lote de 2 entradas para o concerto de Lenny Kravitz, que terá lugar o 31 de maio ás 20,45h no Coliseum (A Coruña), foi:

ANDREA PÉREZ VAZ
Noraboa!!!!

Máis información en: <http://www.lennykravitz.com>
<http://entradas.novagaliciabanco.es/portal/site/WVIO007/Detalle?vgnextoid=089132438c7a4310VgnVCM100000140d10acRCRD>

Xuventude achégase aos mozos e mozas das comarcas do Baixomiño e Val da Louriña



Venres, 20 Xaneiro 2012 13:34

- Estes encontros pretenden achegar a tódolos mozos emprendedores no mundo asociativo xuvenil o programa Iniciativa Xove.
- Iniciativa Xove é o programa da Dirección Xeral de Xuventude que permite os mozos e mozas da comarca realizar os seus proxectos tanto dentro dunha asociación xuvenil coma dun grupo informal.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado celebrou no día de onte dous foros de animación á participación xuvenil nos concellos de Tui e O Porriño.

Esta iniciativa nace co obxectivo de achegar a todos os mozos e mozas emprendedores no mundo asociativo xuvenil o programa Iniciativa Xove da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Nestes encontro participaron corenta e dous rapaces e rapazas de ambas comarcas co fin de informarse dos recursos da Xunta de Galicia para a mocidade e para por en común as inxerencias e propostas á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Ademais participaron do encontro representantes municipais, coma a concelleira de xuventude e o alcalde do Porriño, Nelson Santos, o cal instou aos mozos a participar neste tipo de programas e a ser capaces de "impulsar eles mesmos iniciativas sobretudo nestes tempos tan complexos".

Os asistentes foron tamén invitados a participar nos futuros obradoiros co obxectivo de trasladarlles os puntos e as claves básicas de cara a formalización do proxecto dentro do programa; ditos obradoiros terán un carácter provincial.

Entra no sorteo de un lote de 2 prazas para o Roteiros para a xuventude, programa 'Dende o mar', co teu Carné Xove



Venres, 20 Xaneiro 2012 13:35

Desde o luns, día 23 de xaneiro e ata as 9:00 h. do venres, día 27 de xaneiro, ábrese o prazo para o novo sorteo do programa Carné Xove.

Sortéase un lote de 2 prazas para o Roteiros para a xuventude, programa "Dende o Mar", que terá lugar do 10 ao 12 de febreiro no Albergue Xuvenil de Gandarío – Bergondo (A Coruña).

Neste sorteo só poden participar os usuarios de Carné Xove, maiores de 18 anos.
Máis información en: <http://xuventude.xunta.es/roteiros-para-a-xuventude.html>
Para participar tes que cubrir este formulario: <http://xuventude.xunta.es/promocion-do-carne-xove-a-traves-de-xuventudenet.html>
Aqui podes consultar as bases do sorteo: http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/carnes_mocidade/bases_sorteo_carne_xove.pdf

III Encontro galego de mobilidade xuvenil



Luns, 23 Xaneiro 2012 13:32

Ata o próximo 29 de xaneiro está aberto o prazo de inscrición no III Encontro galego de mobilidade xuvenil que terá lugar o vindeiro 4 de febreiro no Centro Ágora da Coruña.

Este Encontro está dirixido a mozos e mozas participantes en programas europeos de mobilidade xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, como son o Juventud en Acción e o Leonardo da Vinci – MOGAL-, no programa galego de mobilidade A Xuventude no Mundo, a técnicos de xuventude e de servizos sociais, dinamizadores xuvenís, entidades prestadoras de servizos sociais, líderes de asociacións xuvenís e mozos en xeral interesados na temática da mobilidade.

Para máis información:

<http://xuventude.xunta.es/201112275883/iii-encontro-galego-de-mobilidade-xuvenil.html>

FORMACIÓN → OUTROS CURSOS

Curso para obter o certificado de aptitude de profesor de formación vial



Venres, 20 Xaneiro 2012 11:33

A Dirección Xeral de Tráfico (DGT) convoca un Curso para obter o certificado de aptitude de profesor de formación vial. O curso, que terá carácter teórico e práctico, constará de dúas fases: unha de ensino a distancia e outra de formación presencial no centro onde o curso se celebre.

As quendas da fase de presencial terán lugar en Alicante, Cantabria, Madrid, Málaga, Las Palmas de Gran Canaria, Palma de Mallorca, Santiago de Compostela, Sevilla, Valencia, Valladolid e Zaragoza.

• **PROBA PREVIA DE SELECCIÓN:**

- As persoas aspirantes serán sometidas a unha proba previa de selección que consistirá na realización de dúas probas eliminatorias, unha teórica e outra práctica.

- A **proba teórica**, que versará sobre normas relativas a condutores, vehículos e circulación, sinais reguladores da circulación e cuestións de seguridade vial, terá carácter eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito, en impreso facilitado ao efecto, a un cuestionario de

30 preguntas sobre as materias antes indicadas, seguindo un sistema de elección múltiple.

- A **proba práctica** versará sobre técnica e dominio da condución e circulación en vías abertas ao tráfico, e terá unha duración mínima de trinta minutos.

• **Requisitos:**

- Estar en posesión do título de Educación Secundaria Obrigatoria ou de Técnico (Formación Profesional de Grao medio) ou acreditar documentalmente que se posúen estudos equivalentes ou superiores.

- Ser titular do permiso de condución da clase B que habilita para conducir vehículos con cambio de marchas manual, polo menos, cunha antigüidade mínima de dous anos.

- Posuír as condicións psicofísicas e psicotécnicas que actualmente se esixen para a obtención dun permiso do grupo 2.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 20 de febreiro de 2012.

Máis información no BOE do 20 de xaneiro de 2012 e en: www.dgt.es.

Iniciación a lingua de signos



Luns, 23 Xaneiro 2012 09:32

A Escola de Tempo Libre Tempus convoca un curso de iniciación a lingua de signos en Narón (A Coruña)

As persoas interesadas poden inscribirse na Escola de Tempo libre Tempus, teléfono 881 933 797 e 657 926 913

BOLSAS E AXUDAS → IDIOMAS

Bolsas para cursos de inmersión en lingua inglesa da UIMP

Mércores, 18 Xaneiro 2012 07:24

O Ministerio de Educación convoca axudas para participar en cursos de inmersión en lingua inglesa organizados pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Poderán solicitar estas axudas os mozos que non cumprisen 30 anos a 31 de decembro de 2012 e que obtivesen a condición de bolseiro

para Ensinanzas Universitarias, Ensinanzas Artísticas Superiores, Outros estudos Superiores ou Formación Profesional de Grao Superior nalgunha das seguintes convocatorias do MEC:



- Bolsas de carácter xeral para alumnado que curse estudos postobrigatorios e superiores non universitarios nos cursos: 2009-2010 y 2010-2011.
- Bolsas de carácter xeral e mobilidade para alumnado universitario nos cursos: 2009-2010 y 2010-2011.

Os cursos, tanto na modalidade de Axilidade Oral como de Inglés especializado, terán unha duración de cinco días e desenvolveranse en réxime de internado de domingo pola tarde a sábado a mediodía.

Os cursos terán lugar en Santander, Madrid, A Coruña, Cuenca, Valencia, Sevilla, Granada, Tenerife, La Línea de la Concepción, Barcelona e Pireneos no período comprendido entre o 5 de marzo e o 10 de decembro de 2012.

2012.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 25 de xaneiro de 2012.

Máis información no BOE do 24 de decembro de 2011 e en: www.uimp.es.

bolsa destinada a área de formación en Deseño, Construción e Comportamento de Estruturas en Instalacións Nucleares con vida de deseño de ata 100 anos: Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o 22 de febreiro de 2012

Máis información no BOE do 23 de xaneiro de 2012 e en: <http://www.csn.es>.

BOLSAS E AXUDAS ▶ OUTRAS

Fomento da prevención de riscos laborais en Galicia



Martes, 17 Xaneiro 2012 08:07

A Dirección Xeral de Relacións Laborais convoca axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais en Galicia, correspondentes ao exercicio de 2012.

- Destinatarios: entre outros, as Asociacións profesionais sen ánimo de lucro, que agrupen a profesionais do ámbito da seguridade e saúde laboral.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 17 de febreiro de 2012.

As solicitudes están dispoñibles en: <https://sede.xunta.es>.

Máis información en: <http://traballo.xunta.es/portada-prevencion-riscos-laborais> e no DOG do 17 de xaneiro de 2012.

BOLSAS E AXUDAS ▶ FORMACION PRACTICA

Bolsas en Seguridade Nuclear e Protección Radiolóxica



Luns, 23 Xaneiro 2012 08:47

O Consello de Seguridade Nuclear convoca bolsas de formación para a especialización en materia de Seguridade Nuclear e Protección Radiolóxica.

- O número de bolsas convocadas son oito:
 - Catro bolsas en materias específicas de seguridade nuclear.
 - Catro bolsas en materias específicas de protección radiolóxica

- Catro bolsas en materias específicas de protección radiolóxica

• **Requisitos:**

- A data de obtención do título que dá acceso á bolsa deberá ser posterior ao ano 2006.

- Titulación universitaria superior técnica ou científica. Preferiblemente, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría química, Físicas, excepto na

Microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior



Mércores, 18 Xaneiro 2012 10:20

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea convoca subvencións ás organizacións non gobernamentais de desenvolvemento para a execución de microproxectos no exterior.

• **Requisitos:**

- Estar inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento
- Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia

• **Requisitos do proxecto:**

- Que o proxecto redunde na ampliación das capacidades e das liberdades das poboacións beneficiarias: que contén coa participación das persoas beneficiarias no desenvolvemento do proxecto; non sexa discriminatorio por razón de cultura, raza, xénero, relixión ou orixe; que fomente a igualdade entre homes e mulleres; e que sexa respectuoso coa protección do medio.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 18 de febreiro de 2012.
Máis información en: www.cooperaciongalega.org e no DOG do 18 de xaneiro de 2012.

Proxectos de accións de saúde pública no campo do VIH/sida



Xoves, 19 Xaneiro 2012 11:00

A Consellería de Sanidade convoca subvencións a proxectos de accións de saúde pública relacionados coa infección polo VIH e a sida.

Poderán presentar solicitudes as entidades privadas sen ánimo de lucro que presenten un proxecto de accións de saúde pública relacionado co VIH e a sida. En todo caso, cada entidade só poderá presentar un único proxecto a esta convocatoria.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 19 de febreiro de 2012.

Máis información no DOG do 19 de xaneiro de 2012.

Prevención de drogodependencias e condutas adictivas



Xoves, 19 Xaneiro 2012 11:12

A Consellería de Sanidade convoca subvencións a proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas.

Poderán presentar solicitudes as entidades privadas sen ánimo de lucro que presenten un proxecto de actuación orientado ao fomento de estilos de vida saudables cara á prevención das drogodependencias e condutas adictivas (sociais e comportamentais).

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 19 de febreiro de 2012.

Máis información no DOG do 19 de xaneiro de 2012

Fomento do emprego en empresas de economía social e cooperativismo



Xoves, 19 Xaneiro 2012 11:21

A Consellería de Traballo convoca axudas para os programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo.

A finalidade desta liña de axudas é promover a incorporación de persoas desempregadas ás entidades de economía social, apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización deste tipo de empresas mediante unha mellora da súa competitividade, así como a promoción do cooperativismo a través dos seguintes programas:

- **Programa I:** Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.
- **Programa II:** Mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.
- **Programa III:** Impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica.
- **Programa IV:** Fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.

- **Programa V:** Actividades de promoción do cooperativismo.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 19 de febreiro de 2012.

Máis información en: <http://traballo.xunta.es> e no DOG do 19 de xaneiro de 2012.

Axudas para facilitar a compra do primeiro buque pesqueiro a menores de 40 anos

Xoves, 19 Xaneiro 2012 12:30

Está aberto o prazo de presentación de solicitudes para a obtención de axudas socioeconómicas para os traballadores afectados polos axustes da frota pesqueira.

• TIPOS DE AXUDAS:

A) **Prima pola compra do primeiro barco.**

Co fin de facilitar o acceso á propiedade, parcial ou total, dun barco aos profesionais do sector que nunca tiveron un en propiedade.

- Requisitos específicos:
 - Estar dado de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.
 - Acreditar un mínimo de cinco anos de exercicio da profesión de pescador ou formación profesional equivalente.
 - Non ser propietario de ningunha outra embarcación de pesca.
 - Ter menos de 40 anos na data de adquisición da embarcación sempre que presente a solicitude na convocatoria aberta nese momento

ou na inmediatamente seguinte á da dita adquisición.

- Cuantía: Non será superior ao quince por cento do custo de adquisición da propiedade nin excederá os 50.000 euros.

B) Primas por reconversión.

Parcial ou total: Ten como obxecto o apoio a actividades de pescadores fóra do sector pesqueiro de xeito total ou parcial.

C) Prima pola saída do sector pesqueiro.

Consiste nunha percepción económica mensual á cal terá dereito o tripulante ata que cumpra a idade legal de xubilación ordinaria, que resulta da aplicación según a normativa reguladora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

D) Prima non renovable.

Compensación aos tripulantes de buques que paralicen a súa actividade definitivamente como consecuencia dun plan de axuste do esforzo pesqueiro.

Os requisitos dos beneficiarios determínanse con carácter xeral e en función do tipo de axuda das mencionadas. Podes consultar os requisitos xerais e específicos no DOG de 20 de maio de 2010.

• Prazo de presentación de solicitudes.

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 31 de xaneiro de 2012, (salvo para a prima non renovable), sempre que houbese como mínimo un mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde de convocatoria no Diario Oficial de Galicia (28/12/2011).

- Prazo de presentación de solicitudes para as axudas de prima non renovable: ata o 2 de maio de 2012.

Máis información: DOG de 20 de maio de 2012 e DOG 28 de decembro de 2011.

Promoción do emprego autónomo



Venres, 20 Xaneiro 2012 11:01

A Consellería de Traballo convoca Programa de promoción do emprego autónomo e proceder á súa convocatoria para o ano 2012.

A finalidade deste programa é promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia, así como apoiar a consolidación dos seus proxectos empresariais fomentando a creación de emprego mediante a contratación indefinida da súa primeira persoa traballadora desempregada.

a) Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia, e que des-

envolvan a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia, sempre que:

- Sexan titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.

- Se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

- Non percibisen subvencións ao abeiro do Programa de promoción do emprego autónomo nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade.

- Non desenvolvesen como traballadores ou traballadoras autónomos/as a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin estivesen de alta como traballadores ou traballadoras autónomos/as en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que a dita situación de alta presupoña actividade nos tres meses inmediatamente anteriores.

b) Poderán acceder á condición de persoas beneficiarias da subvención pola primeira contratación indefinida os traballadores ou traballadoras autónomos/as ou profesionais xa constituídos, que realicen esta contratación durante o seu primeiro ano de actividade e para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

- A contía desta subvención será a seguinte:

A) 4.000 € pola contratación indefinida dunha persoa desempregada en xeral.

B) 5.000 € pola contratación indefinida dun mozo desempregado de 30 ou menos anos.

C) 5.000 € pola contratación indefinida dunha muller desempregada.

D) 5.600 € pola contratación indefinida dunha moza desempregada de 30 ou menos anos.

E) 6.000 € pola contratación dunha persoa desempregada que esgotase a prestación por desemprego, unha persoa desempregada de longa duración, unha persoa desempregada emigrante retornada, unha persoa desempregada con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

F) 2.000 € pola transformación dun contrato temporal en indefinido. Esta contía será de 2.500 euros se o traballador é un mozo de 30 ou menos anos de idade e de 3.000 euros se é unha muller.

O prazo estará aberto ata o 30 de setembro de 2012

Máis información en: <http://traballo.xunta.es> e no DOG do 20 de xaneiro de 2012

Fomento da inclusión social e a integración no mercado de traballo



Luns, 23 Xaneiro 2012 07:36

A Consellería de Traballo e Benestar convoca subvencións para o ano 2012 ás entidades de iniciativa social, para a realización de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

• Requisitos das entidades:

a) Estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

- b) Carecer de ánimo de lucro.
- c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.

• Actuacións subvencionables:

- a) Actuacións que permitan a adquisición e desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos prelaborais para dinamizar as capacidades e recursos persoais e sociais.
- b) Actuacións de formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás necesidades dos colectivos en situación de exclusión social que permitan mellorar a súa cualificación socioprofesional.
- c) Programas integrais de base comunitaria en zonas rurais que favorezan a inclusión social e laboral de persoas mozas, mulleres e colectivos con dificultades de inserción.
- d) Programas integrais de base comunitaria en barrios urbanos que desenvolvan accións preventivas, de intervención, seguimento e tutorización para persoas en situación ou risco de exclusión social.
- e) Actuacións de acompañamento social, que consistirán na posta á disposición dos usuarios de servizos de apoio persoal e/ou familiar que faciliten o axeitado desenvolvemento de itinerarios de inserción socio laboral.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o 23 de febreiro de 2012 e poden presentarse en <https://sede.xunta.es>
Máis información no DOG do 23 de xaneiro de 2012 e en: <http://traballo.xunta.es>.

Promoción e fomento do cooperativismo nos concellos



Luns, 23 Xaneiro 2012 07:57

A Consellería de Traballo e Benestar convoca axudas destinadas a sufragar a realización de actividades de promoción do cooperativismo por parte dos concellos e doutras entidades locais de Galicia.

Poderán ser beneficiarios os concellos de Galicia a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios ou dun consorcio local que realicen as devanditas actividades no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de maio de 2012.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o 23 de febreiro de 2012 e poden presentarse en <https://sede.xunta.es>
Máis información en: <http://traballobenestar.xunta.es>.

PREMIOS E CONCURSOS

Cuartos encontros de Banda Deseñada na Mariña



Martes, 17 Xaneiro 2012 08:12

A Biblioteca do IES Perdouro de Burela convoca o concurso de Banda Deseñada dentro dos Cuartos Encontros de Banda Deseñada da Mariña, no que rexeran as seguintes bases:

- Poderán presentarse neste concurso todas as persoas interesadas, existindo as seguintes categorías:
 - libre ou aberta. Poderá presentarse calquera persoa que non gañara en anos anteriores.
 - categoría escolar para alumnos de 15 ata 18 anos.
 - categoría escolar para alumnos ata 14 anos.

- Cada traballo só poderá presentarse a unha das categorías.
- O tema será libre, con textos en galego. Cada autor/a poderá presentar as obras que considere oportunas, non premiadas noutros concursos.
- Os traballos terán que ser orixinais cunha extensión mínima de catro páxinas, en cores ou branco e negro. A técnica libre e en tamaño DIN A4.
- Con autoría individual ou de dúas persoas: debuxante e guionista. O estilo, tratamento e xénero serán libres. O contido das obras non poderá atentar contra a integridade das persoas.
- Os traballos enviaranse a: IES Perdouro, rúa do instituto sen número, 27880 Burela (Lugo).

O prazo de presentación dos traballos remata o 20 de marzo de 2012.

- **Premios:**
 - Categoría Libre ou Aberta:
 - 1º Premio: Ordenador portátil e tableta dixitalizadora.
 - 2º Premio: Tableta dixitalizadora.
 - Categorias escolares:
 - 1º Premio: Colección de bandas deseñadas e material de pintura.
 - 2º Premio: Colección de bandas deseñadas e material de pintura.
- Publicación das obras seleccionadas polo xurado nas diferentes categorías.

http://www.culturagalega.org/docs/bases_concurso_CUARTOS_ENCONTROS_DE_BANDA_DESENHADA_NA_MARINHA.pdf

Premios Exército de 2012



